



**SOLEMNIDADE DE
PENTECOSTÉS
23 de maio de 2021**

***Subsidio litúrxico para
a Eucaristía.
-GALEGO-***

MONICIÓN DE ENTRADA

O día de Pentecostés, ao recibir o Espírito Santo, os discípulos, orando todos xuntos son un signo da Igrexa de todos os tempos. Durante os meses en que estivemos confinados nas nosas casas a causa do COVID-19 estrañabamos o encontro comunitario, a asemblea litúrxica.

Hoxe celebramos a festa do Espírito Santo, que nos impulsa a soñar que outro mundo é posible. “Os soños constrúense Xuntos”. Póñennos en movemento, xa que somos Pobo de Deus en saída.

Celebramos o día da Acción Católica e do Apostolado Secular. O laicado é, somos, a gran maioría da Igrexa. Camiñamos xuntos, témonos en conta os uns aos outros, descartamos o individualismo e ao competición entre nós. Descubrimos na fraternidade o horizonte ao que estamos chamados por Deus.

A el dámoslle grazas, nesta eucaristía, porque non deixa de enviarnos ao mundo. Un mundo que necesita da alegría do Evanxeo. Un mundo que debe reinventarse no medio da escuridade provocada pola pandemia. Un mundo secularizado no que queremos ser significativos, fermento do reinado de Deus.

RITO DE BENDICIÓN E ASPERSIÓN DO AUGA (Misal, apedice III, pax. 1121)

O bien **ACTO PENITENCIAL**

Xesucristo, o xusto, intercede por nós e reconcílanos co Pai. Abramos, pois, o noso espírito ao arrepentimento para achegarnos á mesa do Señor.

- Ti, que es o Camiño e anímanos a nós a camiñar. Señor, ten piedade de nós.

- Ti, que es a Verdade que brilla no medio de tanta mentira. Cristo, ten piedade de nós.

- Ti, que es a Vida que supera os medos e temores. Señor, ten piedade de nós.

Deus todopoderoso...

*Se canta o di o **GLORIA.***

ORACIÓN COLECTA

Deus, noso Pai, no misterio desta festa de Pentecostés santifica-lo enteiro corpo da túa Igrexa no medio de tódolos pobos e nacións. Extende os dons do teu Espírito Santo dun confín ó outro do mundo e realiza tamén hoxe nos corazóns dos teus fieis o milagre que o teu amor operou nos comezos mesmos da predicación evanxélica. Polo noso Señor...

MONICIÓN AS LECTURAS

Hoxe, día de Pentecostés, culminamos o tempo pascual que iniciabamos hai cincuenta días na noite de Pascua; na que, celebrando o gozo da Resurrección, renovabamos as promesas bautismais. O envío do Espírito Santo fai posible que esas promesas se convirtn nunha realidade na nosa vida. El é a alma da Igrexa. O Espírito permítenos escoitar e acompañar. Por iso, a diversidade na Igrexa, o pluralismo na nosa sociedade, non nos asustan: o Espírito sempre nos mostra camiños de comunión. O Evanxeo é unha chamada á misión. Toda a Igrexa é discípula e misioneira. Que o Espírito prometido por Xesús abra as portas e renove as nosas vidas, e nos faga escoitar con atención a Palabra de Deus neste Día.

ORACIÓN UNIVERSAL

Presidente: Nesta festa de Pentecostés oremos a Deus Pai para que envíe o seu Espírito, renove o sua Igrexa e transforme ao mundo enteiro. A cada invocación, responderemos: *Manda, Señor, o teu Espírito.*

- Polo papa Francisco e toda a Igrexa. Para que sexamos Pobo de Deus en saída e traballemos na construción do reino de Deus. Oremos.

- Polos afectados pola pandemia. Polos defuntos e os seus familiares. Tamén por todos os cristiáns que neste tempo actuaron e actúan como auténticos samaritanos. Oremos.

- Pola Acción Católica e todo o Apostolado Segrar, particularmente por todos os membros dos movementos e asociacións de apostolado segrar da nosa diocese. Para que, renovados polo Espírito Santo, camiñemos xuntos cara aos máis afastados da Igrexa e a sociedade. Oremos.

- Polas persoas que son descartadas por un sistema social inxusto. Para que vivamos a proximidade efectiva cos pobres e os que sofren, ao estilo de Xesús. Oremos.

- Pola terra, a nosa casa común. Para que o Espírito Santo nos axude a defendela cambiando o noso estilo de vida e buscando sempre o ben e o coidado do outro. Oremos.

- Por todos nós, para que xuntos construíamos, coa axuda do Espírito Santo, os soños de Deus para o mundo, para a Igrexa e para cada un de nós. Oremos.

Presidente: Deus, Pai bo, envíanos o teu Espírito; escoita a nosa oración e convértenos en verdadeiros discípulos e misioneiros do teu Fillo, que vive e reina por sempre eternamente.

INVITACIÓN AO NOSO PAI

O amor de Deus foi derramado nos nosos corazóns nun renovado Pentecostés; como discípulos e enviados, digamos en comunión de fe e amor: Noso Pai...

ORACIÓN DESPUÉS DE LA COMUNIÓN

Deus, noso Pai, ti concédeslle á túa Igrexa os dons do ceo. Conserva nela a gracia que lle deches, para que o Espírito Santo sexa sempre a nosa forza; e fai que esta Eucaristía aumente en nós os froitos da salvación. Por Cristo, noso Señor.

BENDICIÓN

- Deus, o Pai da luz, iluminou hoxe o corazón dos discípulos enviándolle-lo Espírito Santo. Que el vos bendiga e vos encha cos dons de seu Espírito.

R/ Amén

- O lume do Espírito Santo que apareceu milagrosamente sobre os discípulos vos purifique de todo mal e vos ilumine co seu resplandor.

R/ Amén

- O Espírito xuntou homes de tódalas linguas na profesión da única fe. Que el vos manteña nesa mesma fe e cumpra a vosa esperanza de contemplar un día o seu rostro.

R/ Amén

- Bendígavos Deus...

MONICIÓN DE ENVÍO

Celebramos que o Espírito Santo nos impulsa a soñar que outro mundo é posible. Que este domingo de Pentecostés, Día da Acción Católica e do Apostolado Seglar, nos sirva de estímulo para seguir soñando con esperanza nun proceso de impulso e dinamización de toda a Igrexa, particularmente do laicado; pero sempre en comunión e corresponsabilidade, xa que, como sinala o lema deste día, "os soños constrúense xuntos".

Diácono ou Presidente: **Anunciade a todos a alegría do Señor resucitado. Podedes ir en paz, aleluia, aleluia.**